



# ainfoVAC<sup>16.2</sup>

Manual de uso

# AinfoVac

NA EMPRESA AGROGANDEIRA

Edita: **Federación EFA de Galicia**

3ª Edición Xaneiro 2021

Autor: José Manuel Campos Gerpe

Mail: [ainfogra@efagalicia.org](mailto:ainfogra@efagalicia.org)

Web: [www.ainfogra.com](http://www.ainfogra.com)

Copyright-Copyleft© 2010. Federación EFA Galicia.  
Este documento está baixo a licencia Creative Commons Attribution - NonCommercial - ShareAlike - : Permítese a copia, distribución e uso da obra, sempre e cando se recoñeza a autoría e non se empregue a obra con fins comercial –a non ser que se obteña o permiso expreso do autor. O autor permite distribuír obras derivadas desta só si se mantén a mesma licencia. Esta nota non é a licencia completa senón unha tradución orientativa da licencia orixinal completa que se pode atopar en: <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/1.0/legalcode>



**ainfogra**  
Software Libre e Medio Rural

Este manual está concebido como unha ampliación do manual AinfoVac 1.0, de xeito que recolle todas os cambios e novas funcionalidades que se foron implementado no ERP Agrario AinfoVac.

Ámbolos dous manuais están dispoñible para a súa descarga na web [www.ainfogra.com](http://www.ainfogra.com), así coma o resto de material dispoñible, tanto formativo como software.

Na mesma web están dispoñible videotutoriais nos que se repasan as principais operacións (alta de empresa, facturación, vendas, gandaría...), así como unha plataforma de e-learning con distintos cursos de formación relativos a xestión agrogandeira.




Configuración	4
Alta de Empresa	
Importar Datos	
Facturación	13
Compras	
Ventas	
Otros Ingresos	
Gandaría	39
Altas	
Incidencias	
Control Leiteiro	
Informe por Vaca	
Amortizaciones	
Cultivos	51
Parcelas	
Cultivos	
Cultivos Gastos	
Informes	57



## > Alta da Empresa

AinfoVac ten como característica ser multiempresa, isto implica que podemos levar a contabilidade de varias empresas independentes.

O primeiro paso pois será dar de alta a nosa empresa cos datos correspondentes, a través do Menu Ficheiro – Configuración.

-  **C**onfiguración
-  **I**mportar Conafe
-  **S**air


### Venta de Alta de Empresas

#### Configuración

ID	NOME	RÚA	NÚMERO	CP	POBOACIÓN
001	AinfoVac-Empresa Exemplo				
002	Empresa Elav				
003	Gandeiria Espeto				
004	Gandeiria GPro				
005	Gandeiria CultMil				

**Empresa** Base de Datos

**CÓDIGO**

**Nome Comercial**  

**Rua**  **Nº**

**Código Postal**  **Poboación**


**Provincia**

**Responsable**

**CEA**

**Email**

**Web**

**Observacións**  

**S.A.U.**  **Producción Obxectivo**

**Clave do titular do Control Leiteiro**

## Alta dunha nova Empresa:

1º. Clicamos no botón Nova Empresa



2º. Completamos os datos da nosa empresa:

**Código:** Continuaremos a serie, no noso caso 002.

**Nome Comercial:** Nome da Explotación. Os datos relativos a ubicación, responsable, ... son optativos polo que os completaremos se o desexamos...

**S.A.U:** Superficie agraria útil. Este dato é preciso para o cálculo de certos índices polo que é necesario a súa introdución.

**Cuota Láctea:** Necesario para o cálculo da % de cuota completada

**Clave do Titular do Control leiteiro:** ainfovac permite a descarga automática dos datos do control leiteiro, pero para elo temos que completar acertadamente a clave de acceso ao control leiteiro.

3º. Clicar en Gardar



*Exercicio:  
Crea unha nova empresa co  
nome Gandeiria AinfoGra*

## Cambio de Empresa:

Para traballar con unha empresa ou outra teremos que seleccionala en Configuración facendo dobre clic sobre a mesma.

ID	NOME	RÚA	NÚMERO	CP	POBOACIÓN
001	AinfoVac-Empresa Exemplo				
002	Empresa Elav				
003	Gandeiria Espeto				
004	Gandeiria GPro				
005	Gandeiria CultMil				



*Como práctica accedemos a Ficheiro – configuración e facemos dobre clic sobre a empresa “Gandeiria AinfoGra”.*

*Comprobamos que a ventá de configuración se cerra automaticamente e na Barra de Título do programa aparece a nova empresa*



# > Importar Conafe

## CONAFE – DESCARGA DOS FICHEIROS

1º Acceder a web de conafe:  
[www.conafe.com](http://www.conafe.com), clicar en Bienvenidos

2º Na páxina principal, clicar en SinBad



3º Introducir o usuario e contrasinal de acceso, e clicar en Enviar

CONFEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE FRISONA ESPAÑOLA



CONFEDERATION OF SPANISH HOLSTEIN ASSOCIATIONS



Entrada al Sistema de Información de CONAFE

Para acceder al sistema introduzca el usuario y contraseña suministrado por CONAFE



¡¡¡NUEVO!!! Acceso Libre a Consulta de Animales



Para cualquier consulta enviar Email a:  
[webmaster@conafe.com](mailto:webmaster@conafe.com)

4º. Se o usuario e contrasinal son correctos, veremos a páxina de entrada identificandonos como gandeiro. Clicamos en Entrar

## Sistema de Información CONAFE



Asociación: FEFRIGA

Bienvenido/a al Sistema de Información de CONAFE.

Usted tiene acceso de Ganadero.

Ultima visita: [barra de progreso]

[ENTRAR](#)

5º No menú superior accederemos a Servicios

[Consultar Ganaderías](#)

[Consultar Animales](#)

[Servicios](#)

[Estadísticas](#)

[Datos Usuario](#)

[Salir](#)



6º En Solicitud de Datos imos seleccionar os ficheiros que precisamos:

Indices Geneticos Actualizados a Julio 2010 Lactaciones Actualizadas a 15-06-2010

### Solicitud de Datos

Indices Genéticos ▾

Solicitar

Esta opción genera los datos de Censos, Calificaciones, Lactaciones e Indices Genéticos de los animales de su Ganadería.

### Consanguinidad

Acceder

Esta Aplicación permite calcular coeficientes de Consanguinidad para acoplamiento y sacar estadísticas de la Consanguinidad Media la Ganadería y Toros que mayor porcentaje de genes aportan a la Ganadería

### Solicitud de Datos de Genealogías


Número de Generaciones

3 ▾

Solicitar

Esta opción genera los datos de Información Genealógica de los animales de su Ganadería, para el número de Generaciones anteriores solicitada, para el cálculo de la Consanguinidad en programas de acoplamiento

**Censo:** Escollemos a opción de Censo, e clicamos en Solicitar, unha vez procesado pedirásenos unha ubicación no disco para gardar o ficheiro creado. Escolleremos, por exemplo, o Escritorio e clicaremos en gardar



The screenshot shows a light blue header with the text "Solicitud de Datos" in bold. Below the header is a form with a dropdown menu containing the word "Censo" and a right-pointing arrow. To the right of the dropdown is a button labeled "Solicitar".

**Lactacións:** Igual ao anterior




The screenshot shows a light blue header with the text "Solicitud de Datos" in bold. Below the header is a form with a dropdown menu containing the word "Lactaciones" and a right-pointing arrow. To the right of the dropdown is a button labeled "Solicitar".

**Calificacións:** Igual ao anterior




The screenshot shows a light blue header with the text "Solicitud de Datos" in bold. Below the header is a form with a dropdown menu containing the word "Calificaciones" and a right-pointing arrow. To the right of the dropdown is a button labeled "Solicitar".

**Importar a AinfoVac.** Rematado o proceso de descarga dos ficheiros teremos que importalos a AinfoVac. Para elo iremos ao Menú Ficheiro – Importar conafe.



### Importar Censo:

Permítenos importar o ficheiro do censo anteriormente seleccionado. O procedemento é sinxelo, simplemente navegamos polo arbol de directorios, ate atopar o ficheiro do censo anteriormente descargado. Unha vez seleccionado clicamos en Traspasar Datos.



Para **Importar as Lactacións** e **Calificacións** realizaremos o mesmo procedemento en cada un dos apartados correspondentes.



## > Compras AinfoVac

Para a explicación deste apartado, imos partir dunha factura típica que imos rexistrar no programa:

### ALMACÉN AGRARIO FEYCOR

### FACTURA

Rúa do Almarelle, nº1  
15147. Coristanco  
981 733 051

Fecha: 21/04/2021  
Nº de Factura: B1290  
Nº de Cliente: 1

#### CLIENTE

**Gandería AinfoVac**  
Lg. Ubuntu, nº4  
Coristanco

DESCRIPCIÓN	UDS	P.U	TOTAL
Pienso Terneros Cebo TerniClass	100	0,35	35,00
Mezcla Personalizada P-Ras	1000	0,29	290,00
Mezcla Novillas Granel	300	0,31	93,00
Maíz siembre Krossi	50	41	2.050,00
Abono Ferticon 40x14	10	10	100,00
Guantes Ferroplex	5	12	60,00
Pesticida MatoX	5	10	50,00
Calcio Calc	3	12	36,00

SUBTOTAL 2.714,00 €  
IVE (7 %) 189,98 €  
TOTAL 2.903,98 €

#### COMENTARIOS

Pago a 30 días  
C.I.F: F12345567

## PASOS A REALIZAR PARA O REXISTRO DA FACTURA:

**1º- Alta do proveedor:** Se non temos rexistrado o proveedor, o primeiro paso será rexistralo. Para dar de alta un proveedor iremos ao menú **Datos – Provedores**.

*Este paso podemos facelo directamente dende a ventá de rexistro de Pedidos (verémolo máis adiante).*

### Alta de Provedores

DNI/NIF	Razón Social	Nome	Apellidos	Rúa	Número	C.P.	Poboación	Provincia	Tlf.	Tlf.
F12345567	Almacen Agrario Geycor	PS	PROVEDORES XERAIS							

DNI/NIF  Razón Social   
 Nome  Apellidos   
 Rúa  Número   
 C.P.  Poboación   
 Provincia  Tlf.   
 Web  Tlf 2   
 EMail   
 Contacto

Para rexistrar un novo proveedor completamos os datos (CIF, Razón Social, ...). Una vez completados os datos clicaremos no botón gardar.



Para modificar os datos dun rexistro, debemos seleccionar ese rexistro de xeito que nos campos inferiores se cargarán os datos correspondentes, modificamos o desexado e clicamos en gardar de novo.

## 2º. Rexistro do pedido:

Para rexistrar un pedido ou factura iremos ao menú **Compras – Pedidos**

### Ventá de Pedidos:

**Pedidos**

Nº Pedido

Ref. Pro.

Data

Proveedor

Código	Descrición	Uds	Prezo Unitario	Total

Factura Automática

Subtotal	<input type="text"/>
IVE	<input type="text" value="10"/>
Total	<input type="text"/>

### Nº PEDIDO:

O número de pedido é automático, por tanto os pedidos rexistraranse sempre co formato "data"/"numero correlativo".

### REF. PRO.:

Referencia da Factura. Debemos consignar o número de factura real.

### DATA:

Por defecto aparece a data actual. Para modificar a data podemos escribila directamente no campo ou clicar no calendario e seleccionala no mesmo.

**PROVEDOR:**

Escollemos o proveedor rexistrado no punto anterior clicando no combo ou ben escribindo o seu CIF no cadro correspondente.





Se non temos o proveedor engadido, podemos clicar no botón + e engadilo.

**ENGADIR PRODUCTOS:**

Para engadir os produtos ou liñas do pedido / factura debemos clicar no botón




Abrirase unha nova entá para engadir os produtos:

Engadir Produtos					
Código	Descripción	Uds	P.U.	Total	
<input type="text"/>	<input type="text" value="ali"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	 
	102000 MEZCLAS XERAL		0	102	
	103000 FORRAXES XERAL		0	103	
	104000 OUTROS XERAL		0	104	
	201000 INSEMINACIÓNS XERAL		0	201	

Para engadir un produtos temos varias vías:

1º . Escribir o seu código no campo código, se o produto existe completa-ranse automaticamente os datos descrición e Prezo.


2º . Clicar no botón , deste xeito abrirase unha ventá co listado de produtos entre os que podemos elixir

3º . Comezar a escribir o nome do produto en Descrición, ao escribir iran-se mostrando un listado de produtos que se corresponden coa descrición, podemos clicar no produto desexado en calquera momento.

Se no listado de produtos coincidentes, só queda un produto, poderemos clicar en **Enter** para cargalo automaticamente.


## Alta de novos produtos:

Se o produto non existe podemos engadilo directamente dende esta mesma venta, simplemente escribimos o nome completo do produto e clicamos no botón Enter.



Código	Descripción	Uds	P.U.	Total
	Pienso Gpo			

O seguinte paso será clasificar este produto. Isto é un paso importante, xa que unha clasificación incorrecta levaranos a datos erráticos ou inválidos no futuro.



**AinfoVac**

**Nome do Producto**

Pienso Gpo

Escollo o Grupo ao que pertence este produto.  
(Faga dobre clic sobre o grupo elexido)

Escollo o Grupo correspondente

- > ● ALIMENTACION
- > ● AMORTIZACIÓNS
- > ● ARRENDAMENTOS
- > ● COMBUSTIBLES
- > ● COMPRA GANDO
- > ● CULTIVOS
- > ● FACENDA
- > ● GASTOS FINANCEIROS E SEGUROS

Debemos escoller un grupo principal, e dentro deste un subgrupo. Facemos dobre clic no subgrupo despregarase a seguinte ventá.

Os datos de prezo, stock, stock min e iva non os imos tocar de momento, simplemente clicaremos no botón Gardar

Ao gardar comprobaremos que o produto está rexistrado dado que xa ten asociado un código. A partir deste momento, en novas facturas, tan só teremos que escribir o seu código, ou ben selecciónalo tal e como explicamos mais arriba.

Agora só nos queda introducir as unidades e o prezo para ter lista a primeira liña do pedido.

Código	Descripción	Uds	P.U.	Total
106002	Pienso Gpo		0	

## Completar a liña do pedido

Completamos os datos que faltan, as Unidades e o Prezo. Comprobamos que o Total se completa automaticamente como resultado do produto de Uds e P.U.

Clicamos en Gardar

O Resultado será:

Pedidos

Nº Pedido

Ref. Pro.

Data

Proveedor

Código	Descrición	Uds	Prezo Unitario	Total
106002	Pienso Gpo	12	2	24

Factura Automática

Subtotal	24
IVE <input style="width: 30px;" type="text" value="10"/>	2.4
<b>Total</b>	<b>26.4</b>

Debemos repetir o mesmo proceso para cada unha das liñas que forman o pedido de xeito que o resultado final sexa a Factura completa:

**AinfoVac**

Nº Pedido: 2021/0001      Ref. Pro.: B1290      Data: 21/04/2021

Proveedor: (+) F12345567 Almacén Agrario Feycor

(+)      (✎)      (🗑)

Codigo	Descrición	Uds	Prezo Unitario	Total
106001	Pienso Terneros Cebo TerniClass	100	0.35	35
101001	Mezcla Personalizada P-Ras	1000	0.29	290
106002	Mezcla Novillas Granel	300	0.31	93
252001	Maíz siembre Krossi	50	41	2050
253001	Abono Ferticon 40x14	10	10	100
301001	Guantes Ferroplex	5	12	60
254001	Pesticida MatoX	5	10	50
205000	Calcio Calc	3	12	36

(📄)

Subtotal	2714
IVE 7	189.98
<b>Total</b>	<b>2903.98</b>

Unha vez introducidos todas as liñas do pedido debemos gardar a factura clicando no botón gardar.

*Exercicio:  
Rexistrar a Factura tal e  
como se explicou no manual*

## Listar Pedidos

Para consultar os pedidos introducidos debemos ir ao Menú Compras – Listar Pedidos

Listado de Pedidos							
Pedido	20	Ped. Prov.	Data	Proveedor	Facturado	Todos	
Pedido	Pedido Proov	Data	Proovedor	IVE	Subtotal	Total	Facturado
2011/0001		03/03/2011	CAIXARENTING, S.A.U.	64.29	357.15	421.44	T
2011/0002		02/02/2011	EURONA WIRELESS TELECOM, S.A.	5.38	29.9	35.28	T
2011/0003		02/02/2011	NUTER FEED, S.A.U.	97.97	1224.6	1322.57	T
2011/0004		29/01/2011	XESGA-SANTA COMBA	4.29	53.65	57.94	T
2011/0005		24/01/2011	GASOGAL	120.51	669.49	790	T
2011/0006		25/01/2011	XESGA-SANTA COMBA	3.36	42	45.36	T
2011/0007		25/01/2011	XESGA-SANTA COMBA	0.54	3	3.54	T
2011/0008		04/01/2011	EURONA WIRELESS TELECOM, S.A.	5.38	29.9	35.28	T
2011/0009		11/01/2011	NUTRILAIT	44.82	560.28	605.1	T
2011/0010		12/01/2011	SELITEL, S.L.	0.56	14	14.56	T

Na barra superior atopamos filtros (Pedido, Ped. Prov. Data, Proveedor.... Ao escribir nestes campos filtraranse os datos que cumpran a condición. Por exemplo, se en Pedido escribimos 2011, mostraranse todos os pedidos realizados no ano 2011.

## Modificar Pedidos

Para modificar un pedido demos facer dobre clic sobre o pedido a modificar. Se o pedido xa está facturado, non se poderá modificar, polo que se nos mostrará a información do pedido únicamente. (Para poder modificalo teremos que desfacturar o pedido.

Pedido					
Nº Pedido	2011/0002				
Proovedor	A63134357 EURONA WIRELESS TELECOM, S.A.		Data	2/2/2011	
Código	Descrición	Uds	Prezo Unitario	Total	
302001	INTERNET+TELEFONIA IP 1 MEGA	1	29.9	29.9	

<b>Facturado</b>		Subtotal	29.9
		IVE	5.38
		Total	35.28

Para **modificar** unha liña de produto, debemos seleccionala e clicar no botón de modificar liña

Codigo	Descripción	Uds	Prezo Unitario	Total
101000	CONCENTRADO VACAS LEITE	150000	0.28	42000
103000	FORRAXES XERAL	1	100	100
202026	C-MAX 300GRS.	3	1000	3000

Subtotal: 3100  
IVE: 8  
Total: 3348

Código	Descripción	Uds	P. U.	Total
101000	CONCENTRADO VACAS LEITE	150000	0.28	42000

Podemos modificar o produto, as unidades, o prezo.... unha vez rematadas as modificacións debemos gardar os cambios na liña.


Para **eliminar** unha liña debemos seleccionala e clicar no botón eliminar

## Facturar un Pedido

Os Pedidos rexistrados non pasan a formar parte da contabilidade mentres non están facturados.

O procedemento lóxico para operar co programa sería rexistrar o pedido no momento no que se realiza o mesmo. Unha vez nos entregan o pedido co albarán correspondente ou factura, debemos facturalo. E por último debemos rexistrar o pago no momento no que se produza.


Para facturar un pedido debemos seleccionalo e clicar no botón Facturar Pedido



Pedido	Pedido Proov	Data	Proovedor	IVE	Subtotal	Total	Facturado
2021/0001		20/04/2021	AFRICOR CORUÑA	34.22	342.16	376.38	T
✓ 2021/0002		21/04/2021	ADSG	3608	45100	48708	
TOTAL				3642.22	45442.16	49084.38	

Ao facturar teremos que introducir a forma de pago, deste xeito o pedido xa queda facturado


Poderemos comprobar que pedidos temos facturados fixándonos no campo Facturar. Os pedidos facturados terán unha "T" neste campo, indicando que están facturados, mentres que os pedidos non facturados non terán nada.



Pedido	Pedido Proov	Data	Proovedor	IVE	Subtotal	Total	Facturado
2021/0001		20/04/2021	AFRICOR CORUÑA	34.22	342.16	376.38	T
✓ 2021/0002		21/04/2021	ADSG	3608	45100	48708	
TOTAL				3642.22	45442.16	49084.38	

**Nota:** Para facilitar o traballo, na ventá de Pedidos atopamos unha barra superior de filtros

Introducindo calquera texto nos campos permitiranos filtrar os pedidos segundo o texto introducido. No mesmo xeito se selecciono no campo Facturado "Non Facturados" mostraranse so os pedidos que non están facturados.




Pedido	Pedido Proov	Data	Proovedor	IVE	Subtotal	Total	Facturado
2011/0005		24/01/2011	GASOGAL	120.51	669.49	790	T
TOTAL				120.51	669.49	790	

## PAGOS

Para acceder aos pagos debemos ir ao Menú – Compras – Pagos

Todos os pedidos facturados crean unha entrada no listado de pagos. Deste xeito podemos levar un control dos mesmos.




Factura	Proovedor	Fac. Proovedor	Data Emisión	Data Pago	Pagado	Data Pagado	Cantidad
2017/0001	PROVEEDORES XERAIS		21/09/2017	21/09/2017			476767.6

No noso exemplo vemos que a factura 2017/0001 non está pagada. Comprobamos que o campo Pagado está vacío.

Para marcar o pago debemos seleccionalo e clicar no botón de Pagar

Mostrarase un calendario para introducir a data de pago, no que debemos seleccionar a data de pago e clicar en aceptar

Se o proceso se realizou correctamente podemos comprobar que agora si aparece o pago realmente realizado



Factura	Proovedor	Fac. Proovedor	Data Emisión	Data Pago	Pagado	Data Pagado	Cantidad
2017/0001	PROVEEDORES XERAIS		21/09/2017	21/09/2017	<input checked="" type="checkbox"/>		476767.6



Factura	Proovedor	Fac. Proovedor	Data Emisión	Data Pago	Pagado	Data Pagado	Cantidad
✓ 2017/0001	PROVEEDORES XERAIS		21/09/2017	21/09/2017	T	07/04/2021	476767.6

## Nota:

Un pedido facturado non se pode modificar. Por tanto para modificar un pedido facturado debemos eliminar en primeiro lugar o pago (se está pagado). Para eliminar un pago debemos seleccionalo e clicar no botón de Eliminar pago. Unha vez está eliminado o pago debemos ir ao Listado de Pedidos, seleccionar o pedido e clicar no botón de Desfacturar. Unha vez desfacturado xa poderemos modificar o pedido, recordando ao finalizar volver a facturar e marcar o pago se procede.

*Exercicio:*

*Facturar o pedido realizado anteriormente.*

*Marcar o pago da factura xerada.*



# > Ventas AinfoVac

## LÁCTEOS XALLEIS

## FACTURA

Rúa do Espeto, nº1  
15100. Coruña  
981 711 123

Fecha: 24/04/2021  
Nº de Factura: C3378  
Nº de Cliente: 9821

### CLIENTE

Explotación Gandeira AinfoVac

Lg. Ubuntu, nº4  
Coristanco

1	2	3	4	5	6
500	400	400	500	600	300
7	8	9	10	11	12
500	400	400	500	600	300
13	14	15	16	17	18
500	400	400	500	600	300
19	20	21	22	23	24
500	400	400	500	600	300
25	26	27	28	29	30
500	400	400	500	600	300

DESCRIPCIÓN	UDS	P.U	TOTAL
Entregas de Leite	13.500	0,31	4.185,00
Materia Grasa	13.500	0,0003	4,05
Materia Proteica	13.500	0,01	135,00
Prima Calidade	13.500	0,006	81,00
Outras Prima	13.500	0,0001	1,35

SUBTOTAL 4.406,40 €  
IVE (7 %) 308,45 €  
TOTAL 4.714,85 €

### COMENTARIOS

Pago a 30 días  
C.I.F: F12345567

Imos rexistrar a factura de venda da imaxe, para elo o primeiro a facer é dar de alta o cliente.

## Imos ao menú Datos – Clientes

### Ventá de alta de Clientes

DNI/NIF	Razón Social	Nome	Apellidos	Rúa	Número	CP	Poboación	Provincia	Tlf.	Tlf.
CX	CLIENTES XERAIS									


DNI/NIF	<input type="text"/>	Razón Social	<input type="text"/>
Nome	<input type="text"/>	Apellidos	<input type="text"/>
Rúa	<input type="text"/>		Número <input type="text"/>
C.P.	Poboación	<input type="text"/>	
Provincia	<input type="text"/>	Tlf.	<input type="text"/>
Web	<input type="text"/>	Tlf 2	<input type="text"/>
EMail	<input type="text"/>		
Contacto	<input type="text"/>		

Para inxerir un cliente simplemente completaremos os datos, como mínimo o CIF e a Razón Social, e clicaremos en Gardar. O funcionamento é o mesmo ca en provedores.

## Alta de Factura de Venda:

No caso das vendas, a difrencia das compras, rexistraremos directamente a factura. Para elo iremos ao Menú Ventas – Facturar.

## Ventá de Alta de Novas Facturas



The screenshot shows the 'Ventas' application window with the following fields and controls:

- Factura Nº:** 2021/0002
- Data:** 04/24/2021 (with a calendar icon)
- Cliente:** A dropdown menu showing 'CX Escoller|' with a plus icon to the left.
- Buttons:** A plus icon (+), an edit icon (pencil), and a delete icon (trash).
- Table:** A table with columns: Código, Descripción, Uds, Prezo Unitario, Total.
- Summary:** A summary box at the bottom right containing:
  - Subtotal
  - IVE: 10
  - Retención: -2
  - Total
- Icon:** A download icon (arrow pointing down into a box) is located in the bottom left corner of the summary area.

O funcionamento é igual ao de pedidos xa explicado anteriormente. Seleccionamos a data, cliente... e introducimos as liñas da factura...

## Importante:

As entregas de Leite, e dicir, aquela liña de factura que indica o prezo do leite sen ter en conta as primas, ten que ir a conta 701000 (LEITE). O resto de complementos debemos dalos de alta como un produto mais, dentro do grupo Ventas – Leite.

No noso exemplo as Entregas de Leite son de 13.500 unidades a un prezo de 0,31. Este produto (Entregas de Leite) rexístrase na conta 701000 que xa ten o programa definida, e cuio nome é Leite. (Se desexamos cambiar o nome podemos facelo no Menú Datos – Produtos).

O resto de complementos debemos rexístralos manualmente, tal e como facíamos ao dar de alta un pedido.

**AinfoVac**

Factura Nº  Data

Cliente

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	UDS	PREZO UNITARIO	TOTAL
701000	LEITE	132000	0.35	46200
701000	LEITE	120000	0.34	40800
701000	LEITE	120500	0.34	40970
701000	LEITE	125000	0.33	41250
701000	LEITE	136000	0.32	43520
701000	LEITE	130000	0.32	41600
701000	LEITE	140000	0.32	44800
701000	LEITE	145000	0.34	49300
701000	LEITE	132000	0.35	46200
701000	LEITE	136000	0.34	46240
701000	LEITE	138000	0.34	46920
701000	LEITE	155000	0.34	52700
702000	GANDO	1	26000	26000

Subtotal		588500
IVE	<input type="text" value="5.78"/>	34015.3
Retención	<input type="text" value="0"/>	0
<b>Total</b>		<b>622515.3</b>

## Listado de Ventas:



FACTURA Nº	DATA	CLIENTE	IVE	RET	SUBTOTAL	TOTAL	C.
2017/0001	25/10/2017	CLIENTES XERAIS	34000	0	588500	622500	

No listado de ventas teremos a posibilidade de listar e consultar todas as facturas de venda, modificar as facturas, comprobar o seu cobro...

### Modificar unha Factura:

Para modificar unha factura debemos facer dobre clic sobre a factura a editar, abriase a venta de Facturas sobre a cal podemos facer os cambios desexados.

### Marcar Cobro:

Para marcar unha factura como cobrada debemos seleccionala e clicar no boton cobrar

Podemos identificar as facturas cobradas por un símbolo "T" no campo C. (Cobrado).

Nota: Unha factura cobrada non pode ser modificada. Para modificala debemos eliminar o cobro asociado.

## Listado de Cobros:



FACTURA N°	CLIENTE	DATA EMISIÓN	DATA COBRO	COBRADO	DATA COBRADO	TOTAL
2017/0001	CLIENTES XERAIS	25/10/2017	25/10/2017		25/10/2017	622500

Neste apartado dispoñemos dun listado de todas as facturas de venda co seu cobro asociado.

*Exercicio:  
Rexistrar a Factura de venda  
Marcar o cobro da factura*



## > Outros Ingresos

Subvencións:

Como rexistrar unha subvención:



The screenshot shows a web application window titled "Subvencions". At the top, there is a search bar for "Ano" with the value "20" entered. Below this is a table with the following columns: ID, Data, Descrición, Importe, and Observacións. The table contains one record with ID "0", Data "20/11/2017", Descrición "Subvencions 2017 (pac++)", and Importe "18000". On the left side of the table, there are four icons: a trash can, a magnifying glass, a folder with a download arrow, and a plus sign in a circle. Two arrows point from the plus sign icon to the form below. The form has four fields: "Data" with a calendar icon, "Descrición", "Importe", and "Observacións".

ID	Data	Descrición	Importe	Observacións
0	20/11/2017	Subvencions 2017 (pac++)	18000	

Data

Descrición

Importe

Observacións

- 1º Clicamos en novo rexistro
- 2º Completamos os datos
- 3º Clicamos en gardar

Para modificar unha subvención xa rexistrada debemos seleccionala no listado, e unha vez modificados os datos desexados clicar no botón gardar.

## Outros Ingresos:

Neste apartado rexistraremos aqueles ingresos que non están directamente relacionados coa explotación, por exemplo venda de maquinaria vella....

O funcionamento é idéntico ao de Outros ingresos. Clicar en novo rexistro, completar os datos e clicar en gardar.

Outros Ingresos

Ano 20

Id	Data	Descripción	Importe	Observacións
----	------	-------------	---------	--------------

Data 04/24/2021

Descripción

importe

Observacións

*Exercicio:*  
*Rexistrar a subvención que se mostra na captura do apartado subvencións*



## > Gandaría – Centro Control Gandeiro

### CENTRO DE CONTROL GANDEIRO

Dende este apartado poderemos controlar todos os datos relativos a gandería, datos, rexistro de incidencias, produccion, consultas, índices...

The screenshot shows the AinfoVac software interface for a cow's record. The window title is "AinfoVac". On the left, there is a sidebar with "Est." and "Fil." tabs, and a list of filter options: "Todas" (selected), "Activas", "Novillas", "En Producción", and "Secas". Below this is a list of cow IDs: 0078 (highlighted), 1234, 2747, 4321, 5845, and vaca.

The main area is divided into several sections:

- Identificación:** Código 0002, Nome 0078, Data Nacemento 01/06/2013, Morfoloxía Más que bueno (BB), Comentarios.
- Xenealoxía:** Nai Avó Avoa, Pai CANM0005757117 (COMESTAR LEE ET), Avó Avoa.
- DATOS XERAIS:** Último Parto 24/07/2016, Última Inseminación 01/01/2019, Próximo Parto 01/10/2019, Lactación 1732, Lactación Número 3, Prod. Media Diaria, Total Acumulado 841, and -568.
- Incidentes:** A table with columns for date and event type.
- Rexistros Totais:** A summary table of various events.

At the bottom, there are tabs for "Incidentes", "Producción", and "Índices". A vertical toolbar on the right contains icons for various functions like search, edit, and view details.

Fecha	Evento
01/01/2019	INSEMINACIÓN
11/10/2017	SECADO
12/04/2017	DIAGNÓSTICO
15/02/2017	INSEMINACIÓN
31/01/2017	INSEMINACIÓN
24/07/2016	PARTO
03/06/2016	SECADO
12/03/2015	PARTO
24/11/2014	PARTO

Rexistros Totais	
Tratamentos	0
Secados	2
Partos	3
Inseminacións	3
Abortos	0
Diagnosticos	1
Embríons	0
Celos	0

## Filtrado

Na barra da esquerda podemos filtrar os animais segundo diversas características.

“Todas”, permítenos ver todos os animais no listado inferior.

“Activas” mostraranos aqueles animais que teñen datos de produción lácteas no mes anterior.

“Novillas”, listanos as novillas.


“Secas”, listará todas as vacas secas na data actual.

Se clicamos na pestana Inc (Incidencias), poderemos listar todos os animais proximos ao parto, secado, celo ou diagnóstico.

Unha vez completado o listado desexado, poderemos clicar sobre calquera dos animais para cargar e ver os seus datos.

Sobre este listado, podemos a súa vez realizar unha búsqueda por texto. Se no cadro situado enriba do listado introducimos texto, este servirá como filtro. Por exemplo, se no listado da imaxe, introducimos [07], so veremos a primeira das vacas.

Neste cadro de búsquedas podemos buscar por nome ou crotal ou código.



## > Gandaría

### Datos

Ao seleccionar un animal poderemos consultar os seguintes datos:

Datos de identificación: Inclúe o código, crotal, nome, data de nacemento, etc.

Xenealoxía: Toda a información relativa ao pai, nai e abós do animal.

Datos Xerais: Recolle información sobre o último parto, próximo, lactacións, producións medias...

Incidencias: Listado de todas as incidencias do animal, partos, secados, tratamentos, etc.

The screenshot displays a software interface for farm management, divided into several sections:

- Identificación:** Shows fields for Código (0002), Crotal (ES011104493234), Nome (0078), Data Nacemento (01/06/2013), Morfoloxía (Más que bueno (BB)), and Comentarios.
- Xenealoxia:** Shows fields for Nai, Avó, Avoa, Pai (CANM0005757117 (COMESTAR LEE ET)), Avó, and Avoa.
- DATOS XERAI:** A table of general data:

Último Parto	24/07/2016	Lactación	1732
Última Inseminación	01/01/2019	Días	841
Próximo Parto	01/10/2019	Días	-568
Lactación Número	3	Total Acumulado	
Prod. Media Diaria			
- Incidentes:** A list of events with a trash icon for deletion:

01/01/2019	INSEMINACIÓN
11/10/2017	SECADO
12/04/2017	DIAGNÓSTICO
- Producción:** A tabular view of production data.
- Índices:** A tabular view of performance indices.
- Rexistros Totais:** A summary table showing the total number of treatments (0).

**Introducir incidencias:** na barra dereita podemos introducir calquera incidencia do animal directamente. Ao clicar no botón abrírase a correspondente ventá en onde introducir os datos precisos para completar cada incidencia.



## ALTA DE CROTAL

Alta Crotal

Lo  Nom  Cod  Cro  D. N.   T  A

Fotografía Frontal

Fotografía Lateral

**Identificación**

Código

Nome

Data Nacemento

Comentarios

Morfoloxía

Número de Partos

**Xenealoxía**

Nai

Avó

Avoa

Pai

Avó

Avoa

**Lote**

**Amortización**

Valor Económico

Anos Amortización

Amortizado

COD	NOME	REXISTRO	DATA NACEMENTO	COMENTARIOS	MORF
0001	2747	DK002024602	10/7/2014		
0002	0078	ES011104493	1/6/2013		
0003	1234	ES011104491	1/6/2013		
0004	4321	ES011104494	6/8/2012		
0005	5845	ES011104495	5/8/2016		
0006	vaca	es1231231231	1/1/2014		

Debemos de rexistar todos os animais presentes na nosa explotación.

Os datos que teremos que introducir obrigatoriamente son:

**\_Código:** Podemos establecer o código que desexemos, a única limitación está en que dito código non pode volver a repetirse nunca. Recomendase empregar códigos do estilo 00001,00002,0003...

**\_Crotal:** Crotal con 14 díxitos

**\_Nome:** O nome da vaca, podemos empregar o nome, o crotal da vaca, numeración ou o que se considere oportuno

**\_Data de Nacemento:** clicamos no campo data e escribimos a data ou no icono do calendario para seleccionala.

O resto de datos son opcionais aínda que se recomenda a súa inclusión.

**Fotografías:** Podemos introducir unha fotografía do frontal da vaca e outro do lateral. Para incluír a fotografía pinchamos no recadro onde se mostraría a fotografía, ao pinchar mostrárase un menú para navegar polo noso disco duro, teremos que buscar a fotografía e seleccionala, unha vez seleccionada mostrárase no recadro correspondente.

Unha vez rematada a introdución dos datos do animal pincharemos no botón gardar para rexistrar os datos.

COD	NOME	REXISTRO	DATA NACEMENTO	COMENTARIOS	MO
0001	2747	DK002024602	7/10/2014		
0002	0078	ES011104493	1/6/2013		
0003	1234	ES011104491	1/6/2013		
0004	4321	ES011104494	6/8/2012		
0005	5845	ES011104495	5/8/2016		
0006	vaca	es1231231231	1/1/2014		

*Exercicio:  
Rexistra a vaca que se mostra na captura*

AinfoVac

Identificación				Xenealoxía	
<b>Código</b>	0002	<b>Crotal</b>	ES011104493234	<b>Nai</b>	
<b>Nome</b>	0078			Avó	Avoa
<b>Data Nacemento</b>	01/06/2013			<b>Pai</b>	CANM0005757117 (COMESTAR LEE ET)
<b>Morfoloxía</b>	s/d			Avó	Avoa
<b>Comentarios</b>					

DATOS XERAIS			
<b>Último Parto</b>	24/07/2016	<b>Lactación</b>	1735
<b>Última Inseminación</b>	01/01/2019	<b>Días</b>	844
<b>Próximo Parto</b>	01/10/2019	<b>Días</b>	-571
<b>Lactación Número</b>	3	<b>Total Acumulado</b>	
<b>Prod. Media Diaria</b>			

**XENEALOXÍA:** Cando nos situemos sobre os recadros de pai, nai e avós... veremos como o listado de animais da dereita cambia de cor. Nese momento se seleccionamos por exemplo a nai do novo animal o código aparece automaticamente na caixa de texto correspondente.

Este procedemento é necesario para asegurar o funcionamento dos acoplamentos, xa que do contrario o aplicativo non poderá recoñecer a consanguinidade.

*Recordatorio:*

*Coa opción de importar os datos de Conafe evitaremos ter que dar de alta os animais.*

Identificación	
Código	0002 Crotal ES011104493234
Nome	0078
Data Nacemento	06/01/2013
Comentarios	
Morfoloxía	Más que bueno (BB)
Número de Partos	3

Xenealoxía	
Nai	
Avó	
Avoa	
Pai	CANM0005757117 (COMESTAR LEE ET)
Avó	
Avoa	

0002	0078	ES011104493: 05/31/2013 22:00:00	3
0003	1234	ES011104491: 05/31/2013 22:00:00	
0004	4321	ES011104494: 08/05/2012 22:00:00	
0005	5845	ES011104495: 08/04/2016 22:00:00	
0006	vaca	es1231231231 12/31/2013 22:00:00	

## ALTA DE TOROS

Para engadir os datos dun toro teremos que cubrir os datos de Nome, descrición, etc... e unha vez rematado clicar no botón gardar .

A aplicación permítenos gardar todo o elenco de datos dispoñibles dun toro, sen embargo os datos imprescindibles e necesarios para que o AinfoVac poida realizar o acoplamento axeitadamente son:

**Nome**, Descrición e os datos relativos a Conformación (Conformación, Fortaleza Lei-teira, Sistema Mamario, Membros e Aplomos, Grupa e Estatura), o resto de datos son optativos.

The screenshot shows the AinfoVac application window. At the top, there are window controls and a title bar. Below the title bar, there are radio buttons for 'Todos' and 'Activos'. A table lists several bulls with columns for 'codigo', 'Nome', 'Desc.', 'Nº Fillas', 'Nº Fillos', 'L.P.I.', 'Leite', and 'Grasa'. The first row is highlighted in blue. Below the table, there is a form titled 'Alta Toros' for the selected bull. The form contains fields for 'Código', 'Nome', 'Descripcion', 'Nº Fillos na explotación', 'Nº Fillas na explotación', 'Pai', and 'Nai'. There are also three sections: 'Producción' with fields for 'Fiabilidade', 'Leite', 'Grasa', and 'Proteína'; 'Rasgos Auxiliares' with fields for 'Indice Lonxeidade', 'Indice RCS', 'Indice DA', and 'Indice VOR'; and 'Conformación' with fields for 'Conformación', 'Fortaleza Leiteira', 'Sistema Mamario', 'Membros e Aplomos', 'Grupa', and 'Estatura'. A 'Stock' field is also present.

codigo	Nome	Desc.	Nº Fillas	Nº Fillos	L.P.I.	Leite	Grasa
CANM0005757117	COMESTAR LEE ET		0	0	99	-417	14
ESPM9203325991	APINA DELANO		0	0	99	1017	52
ESPM9203739947	TIRSVADSNOWMAN ATLANTA		0	0	90	1230	34
ESPM9203773714	DKR PEDRO		0	0	97	623	59
ESPM9203889355	MOLIDO PANZER ET		0	0	77	1310	44

Alta Toros	
Código	CANM0005757117
Nome	COMESTAR LEE ET
Descripcion	
Nº Fillos na explotación	0
Nº Fillas na explotación	0
Pai	
Nai	
Stock	0

Producción		Rasgos Auxiliares		Conformación	
Fiabilidade	99	Indice Lonxeidade	104	Conformación	0.61
Leite	-417	Indice RCS	105	Fortaleza Leiteira	1.36
Grasa	14	Indice DA	87	Sistema Mamario	0.71
Proteína	-8	Indice VOR	106	Membros e Aplomos	1.11
				Grupa	0.405
				Estatura	0.02

Empregaremos principalmente os códigos dos toros de CONAFE. Se dispoñemos do código, completaremos no campo Código e clicaremos no botón download.

Automáticamente se completarán os datos de xenética. Finalmente clicaremos en gardar.

**Recordatorio:** Ao importar os datos de conafe aparecerán xa rexistrados todos os toros codificados segundo o código que asigna conafe. Neste caso debemos completar os datos de xenética daqueles toros que empreguemos.

*Exercicio:*  
*Rexistra o toro que se ve na captura*

## XENÉTICA

Neste apartado podemos introducir os datos de valoración xenética dos nosos animais. Para introducir os datos dun animal, seleccionámolo na táboa da esquerda e introducimos os datos. Os datos máis importantes a introducir son os da columna da dereita.

Para modificar por exemplo a puntuación da “Estructura e Capacidade” teremos que situar o cursor enriba da puntuación inicial (0), borrar esta e escribir a nova puntuación. Podemos tamén incluír os datos concretos da columna central (estatura, tercio anterior, etc), sen embargo estes datos non van ser empregados polo programa.

Unha vez introducidos os datos clicaremos no botón gardar para que queden almacenados.

Nota: A calificación final calcula automaticamente o programa en base as calificacións parciais (Estructura e Capacidade, Grupa, Estructura leiteira, Sistema Mamario e Patas e pes)

The screenshot shows the AinfoVac software interface. On the left, there is a table with the following data:

COD	NOME	REXISTRO	DATA NAC
0001	2747	DK002024602	
0002	0078	ES011104493:	
0003	1234	ES011104491:	
0004	4321	ES011104494:	
0005	5845	ES011104495:	
0006	vaca	es1231231231	

The main part of the interface is a form for editing the selected animal's data. It is divided into several sections:

- Calificación Final:** 79
- Estructura e Capacidade:** 80
  - Estatura: 0
  - Tercio Anterior: 0
  - Anchura de Peito: 0
  - Profundidade Corporal: 0
  - Lomo: 0
  - Anchura de Isquiós: 0
  - Angulo da Grupa: 0
- Grupa:** 85
- Estructura Leiteira:** 90
  - Angulosidade: 0
  - Condición Corporal: 0
- Sistema Mamario:** 80
  - Textura: 0
  - Inserción Anterior: 0
  - Alt. Inserción Posterior: 0
  - Anchura Posterior: 0
  - Ligamento Sus. Medio: 0
  - Profundidade: 0

## CONTROL LEITEIRO

Para descargar o control leiteiro temos que definir a clave de acceso ao control leiteiro na confi-guración da empresa (Ficheiro – Configuración).

Se a clave está correctamente configurada e dispoñemos de conexión a internete, descargaranse os datos do último control automaticamente. Para gardar os datos clicaremos no botón Gardar os Datos.

CIB	F_PARTO	NP	NC	LEITE	%G	%P	RCS	DIAS	LE-AC	%G-AC	%P-AC	NOME
-----	---------	----	----	-------	----	----	-----	------	-------	-------	-------	------

Data do Control 21/04/2021

*Exercicio:  
Registra datos de xenética da vaca que  
engadimos nos puntos anteriores*





### CULTIVOS

Recoméndase consultar a App para móbiles AinfoHor como medio de complementar a xestión integral de cultivos.

### Parcelas:

O primeiro traballo a levar a cabo será rexistrar todas as parcelas dispoñibles. O rexistro de parcelas pode ser individual ou grupal. Isto quere dicir que se dispoñemos de multitude de pequenas parcelas podemos (para facilitar o traballo e xestión) agrupalas baixo unha mesma denominación. Hay que indicar que é necesario que cada grupo de parcelas teña o mesmo cultivo, do contrario imposibilita a súa xestión.

Unha das posibilidades a hora de engadir parcelas e introducir a Referencia Catastral da mesma. Deste xeito a aplicación tentará descargar os datos directamente da Sede Electrónica do Catastro. Unha vez descargados os datos e revisados poderemos gardalo clicando no botón de gardar.



Este método non é axeitado cando dispoñemos de multitude de pequenas parcelas a xestionar, sendo neste caso máis axeitado a agrupación. Para agrupar parcelas empregaremos como criterio o cultivo. Deste xeito, aquelas parcelas nas que sempre cultivamos o mesmo, pasarán a ser agrupadas nun único ente e cunha denominación común.

*Exercicio:  
Rexistrar a seguinte parcela*

**Parcelas**

Catastro	Nome	Prov.	Muni.	Localización	Clase	Participación	Intensidad	Uso	Superficie
15019A007000010000IX	Parcela 1	15	019	Polígono 7 Parc	Rústico	100	0	Agrario	10000

Código / Catastro

**Datos Parcela**

Nome

Provincia  Municipio

Localización




Clase

% Participación  Intensidad Prod

Uso

Superficie (m2)

Clase Cultivo  (Has)

## CULTIVOS



Para engadir un cultivo temos que completar os seguintes datos:

**Tipo de Cultivo:** Podemos seleccionar un tipo de cultivo no combo. Se desexamos indicar outro tipo de cultivo debemos escribilo manualmente, por exemplo, hortícola.

**Descrición:** O cultivo a producir debe estar rexistrado coma un produto maís. Se non existe o produto debemos ir a Datos – Productos e engadilo manualmente, a continuación poderemos seleccionalo no campo descrición.

**Data de Inicio e Fin:** Datas estimadas de inicio do cultivo e de recollida do mesmo.

**Parcelas:** Neste apartado mostraranse na parte superior unha taboa coas parcelas rexistradas no punto anterior. Para engadir unha parcela clicaremos dúas veces sobre a mesma, comprobando que na taboa inferior apareza a parcela, así coma o sumatorio da superficie total asignada.



## CULTIVOS GASTOS

Neste apartado debemos introducir todos os custos ou gastos relacionados cos cultivos. Para introducir custos a un cultivo debemos seleccionalo na taboa superior, e a continuación seleccionar o apartado desexado (maquinaria, man de obra, fitosanitarios...). En cada un dos apartados debemos completar os distintos apartados e gardar os cambios.

x -
Costes por Cultivo

Abertos     Cerrados

Cod	Tipo	Nome	Data inicio	Data fin	Superficie	Regadío	Producción	€/Has.	Producti.	€/Uds
0		Silo de Mill Silo Millo 2016	01/01/2016	30/09/2016	1.8944	0	0			2511

**Silo Millo 2016**

MAQUINARIA
MAN OBRA
FERTILIZACIÓN
FITOSANITARIOS
SEMILLAS
OUTROS
RESUMO

Data:

Produto:

Unidades:  Coste  Total

Observacións:

data	Máquina	Uds.	Prezo	Coste	Observacions


Coste





# > Informes

## INFORMES



## Balance de Situación

### INFORME - AinfoVac

Data: 17/11/2010

#### DATOS TÉCNICOS

SAU (Has.)	,00
Vacas De Leite	191,00
Xovencas	64,00
% Recría	33,51
Partos/Vaca Ano	,06
Lits. Producidos	,00
Lits/Vaca Presente (365 Dias)	1282,00
% MG	33,97
% MP	30,25
Células Somáticas	21,17

#### PRODUCTO BRUTO

Vendas De Leite	34897,62
Vendas De Leite (E/1000L) Final Con Calidades	34,90
Vendas De Gando	1402,92
Vendas De Gando (E/1000L)	1,40
Subvencións	,00
Subvencións (E/1000l)	,00
Outros Ingresos	,00
Outros Ingresos (E/1000l)	,00
Variación Inventario Gando	2805,84
Variación Inventario Gando (E/1000L)	2,81
<b>TOTAL PRODUCTO BRUTO</b>	<b>39106,38</b>
PRODUCTO BRUTO(e/1000L)	39,11

**GASTOS VARIABLES**

Compra Gando (E/1000 L)	,00
Concentrado Vacas Leite	12154,37
Concentrado Vacas Leite E/1000L	12,15
Concentrado Vacas Recría	1350,93
Concentrado Vacas Recría E/1000L	1,35
Concentrado Arranque E Cebo	786,41
Concentrado Arranque E Cebo E/1000L	,79
Compra De Forraxes Externos	,00
Compra De Forraxes Externos E/1000L	,00
Producción Forraxes Propios	,00
Producción Forraxes Propios E/1000L	,00
Mezclas E Outros	1052,22
Mezclas E Outros E/1000L	1,05
Subtotal: Custo Alimentación	15343,93
Reparación De Maquinaria	2689,30
Reparación Maquinaria E Combustibles (E/1000L)	2,69
Veterinarios	5322,03
Veterinarios (E/1000L)	5,32
Hixiene	3070,64
Hixiene (E/1000L)	3,07
<b>TOTAL GASTOS VARIABLES</b>	<b>26425,90</b>
<b>TOTAL GASTOS VARIABLES (E/1000L)</b>	<b>26,43</b>

**GASTOS FIXOS**

Intereses De Cretos	,00
Intereses De Cretos (E/1000L)	,00
Gastos Sociais E Seguros	,00
Gastos Sociais E Seguros (E/1000L)	,00
Mantemento Instalacions	155,21
Mantemento Instalacions (E/1000L)	,16
Salarios	,00
Salarios (E/1000L)	,00
Arrendamentos	,00
Arrendamentos (E/1000L)	,00
Gastos Xerais (Outros Suministros,Impostos, Seguros...)	4107,71
Gastos Xerais (E/1000L)	4,11
<b>TOTAL DE GASTOS FIXOS</b>	<b>4262,92</b>
<b>TOTAL DE GASTOS FIXOS (E/1000L)</b>	<b>4,26</b>

**AMORTIZACIÓNS TÉCNICAS**

Amortizacións Maquinaria	,00
Amortización Maquinaria (E/1000L)	,00
Amortizacións Instalacións	,00
Amortización Instalacións (E/1000L)	,00
Amortizacións Animais	,00
Amortización Animais (E/1000L)	,00
<b>TOTAL AMORTIZACIÓNS TÉCNICAS</b>	<b>,00</b>
<b>TOTAL AMORTIZACIÓNS TÉCNICAS (E/1000K)</b>	<b>,00</b>

**CUSTO PRODUCCIÓN**

CUSTO DE PRODUCCIÓN	29636,60
CUSTO DE PRODUCCIÓN (E/1000L)	29,64

**RESULTADOS**

MARXE NETA (Euros)	<b>8417,56</b>
MARXE NETA (Euros/1000L)	<b>8,42</b>

Como vemos na imaxe, o balance de situación recolle toda a información dispoñible para ofrecer unha visión xeral do estado da empresa.

**Producto Bruto:** Recolle todas as partidas de ingresos, e por tanto representa os ingresos totais da explotación.

**Gastos Variables:** Recolle todas as compras realizadas (alimentación, veterinarios, etc)

**Gastos Fixos:** Recolle os gastos relativos a man de obra, maquinaria, préstamos, etc.

**Amortizacións:** Recolle todas as amortizacións tanto de maquinaria e instalacións como da amortización dos animais.

**Custo de Producción:** A suma de todos os custos da explotación

**Resultados:** Diferencia entre o Producto Bruto e o Custo de produción.

### PRODUCTO BRUTO


Vendas De Leite  
 Vendas De Leite (E/1000L) Final Co  
 Vendas De Gando  
 Vendas De Gando (E/1000L)  
 Subvencións  
 Subvencións (E/1000l)  
 Outros Ingresos  
 Outros Ingresos (E/1000l)  
 Variación Inventario Gando  
 Variación Inventario Gando (E/1000L)  
 TOTAL PRODUCTO BRUTO  
 PRODUCTO BRUTO(e/1000L)

---

### GASTOS VARIABLES

Compra Gando (E/1000 L)  
 Concentrado Vacas Leite  
 Concentrado Vacas Leite E/1000L  
 Concentrado Vacas Recría  
 Concentrado Vacas Recría E/1000L  
 Concentrado Arranque E Cebo  
 Concentrado Arranque E Cebo E/1000L  
 Compra De Forraxes Externos  
 Compra De Forraxes Externos E/1000L  
 Producción Forraxes Propios  
 Producción Forraxes Propios E/1000L  
 Mezclas E Outros  
 Mezclas E Outros E/1000L  
 Subtotal: Custo Alimentación  
 Reparación De Maquinaria  
 Reparación Maquinaria E Combustil  
 Veterinarios  
 Veterinarios (E/1000L)  
 Hixiene  
 Hixiene (E/1000L)

## Marxe por Litro de Leite:



Atopamos nesta ventá un cálculo por litro de leite tanto dos conceptos de ingresos coma do de gastos. Como exemplo podemos observar como o gasto de Alimentación nesta explotación supón o 23% do total do gasto, e implica un custo por litro de leite producido de 0,0226.


Coñecer a distribución do custe é primordial a hora de poder tomar decisións en canto a aumento de rendibilidade. Asimesmo nesta mesma ventá poderemos comparar os nosos custos relativos coa média de custos do noso entorno. Deste xeito podemos comprobar en que apartados estamos gastando mais que a media e viceversa.

## INFORMES

O resto de informes que nos atopamos son meros listados dos distintos elementos (pedidos, compras, ganadería, partos, ...). Unha das principais utilidades destes listados, ademais de poder imprimilos, está na posibilidade de exportar directamente os datos a unha folla de cálculo.

En calquera dos informes podemos clicar co botón dereito encima do informe, e no menú de opcións escoller Calc. Deste xeito ábrese unha nova ventá de Calc (folla de cálculo) cos datos do informe. Así podemos realizar todos aqueles cálculos que desexemos dende a mesma folla.

Se escollemos imprimir, crearanos un pdf co contido do informe, listo para imprimir ou gardar.









## Unha maneira de facer Europa



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica



**Unión Europea**

Fondo Europeo  
de Desarrollo Regional



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE INDUSTRIA, TURISMO  
Y COMERCIO

PLAN  
avanza